



Diversigüaldade na Rede

Ronsel de futuro. Rumbo 2030


Rede Museística Provincial de Lugo



Alumnado de 3º, 4º,
5º e 6º de Primaria
e 1º e 2º de ESO



Este caderno é de



Museos da Rede Museística Provincial de Lugo Visitas virtuais

**Museo
Provincial
do Mar**

<https://my.matterport.com/show/?m=vvPNxRBDq&brand=0>

**Museo
Provincial
de Lugo**


<https://my.matterport.com/show/?m=BVJeVvYwJl&brand=0>


**Museo
Fortaleza
San Paio
de Narla**

<https://my.matterport.com/show/?m=tYlc577bxD5>

**Museo
Pazo
de Tor**

<https://my.matterport.com/show/?m=w4lGS96pqr&brand=0>





Ronsel de futuro. Rumbo 2030

Con este caderno:

- ◆ Recoñecemos a diversidade sexual e de identidades na nosa sociedade
- ◆ Incluimos novos relatos sobre as coleccións cos que nos representen a todas/todos/todxs.
- ◆ Fortalecemos as relacións entre a comunidade, os museos e o territorio como lugares onde aprender a ser, a coñecer, a convivir e a facer, de forma sostible.

Contidos

Le e reflexiona coa túa aula sobre os seguintes conceptos:

- ◆ **Sexo:** Fai referencia ás características biolóxicas dos seres de calquera especie animal, dividíndoos en masculino (macho) e feminino (femia).
- ◆ **Xénero:** É un patrón que lle outorga a sociedade ao ser humano segundo o seu sexo biolóxico, é dicir, como debe ser un home e como debe ser unha muller.

◆ **Roles de xénero:** Papel que debe realizar un home ou unha muller na sociedade, no traballo e na casa. Antigamente non eran igualitarios. As mulleres ocupábanse de limpar a casa, facer a comida e lavar a roupa e os homes non. A que isto non pasa onda ti, ou si? Imos ver que ocorre nos teus libros de escola? Quen aparece? Cantos homes e cantas mulleres importantes coñeces da historia da humanidade ou da Arte?

◆ **Estereotipos de xénero.** Preguntácheche algunha vez por que nos xoguets das nenas aparece sempre a cor rosa? Ou porque os nenos non levan buratos nas orellas e por tanto non poñen pendentes? Iso todo son estereotipos de xénero. Ti pensas que aos nenos pode gustarlles tamén a cor rosa e que pasa se queren levar pendentes?

Contidos

♦ **Atracción amorosa** Imaxínate que alguén ademais de dicirche como tes que vestir, xogar, ler e traballar tamén che diga a quen debes querer e como debe ser a túa familia. Pois os estereotipos actúan así e din “os rapaces soamente poden namorar de rapazas”, “as mozas deben casar cos mozos” e “as familias están formadas por un papá e unha mamá”. Pero se miras ao teu redor verás que todas/todos/todxs somos diferentes: amamos a persoas do mesmo sexo (homosexuais) ou de distinto (heterosexuais) e por suposto, as nosas familias son diversas. Ao longo da nosa vida imos aprendendo estas ideas a través de libros, da televisión ou doutras persoas. Incluso, nun museo como este tamén podes velas. Pero como sabemos que o mundo que nos rodea é moito mais diverso do que din estes estereotipos, con este caderno de actividades imos cambialos para conseguir unha sociedade máis xusta.

♦ **Colectivo LGTBIQA+:** Asociación na defensa dos dereitos das lesbianas, gays, trans, bissexuais, queer, asexuais, e máis. Durante moito tempo estas persoas foron perseguidas, e aínda hoxe non é fácil identificarse como tal, pero nós sabemos que todas as persoas caben na nosa sociedade e por tanto todas/todos/todxs merecemos vivir en igualdade, con respecto e tolerancia. Imos ver polo miúdo quen forma este colectivo:

■ **Lesbianas:** Mulleres que senten atracción amorosa por outras mulleres.

■ **Gays:** Homes que senten atracción amorosa por outros homes.

■ **Trans*:** Persoas que nacendo, por exemplo, cun sexo feminino son en realidade rapaces. E tamén ocorre á inversa, persoas co sexo masculino que son rapazas.

■ **Bissexuais:** Persoas que senten atracción amorosa igualmente por homes e mulleres.

■ **Intersexuais:** Persoas con características sexuais masculinas e femininas.


■ **Queer:** Persoas que non se identifican como homes ou como mulleres senón máis ben como unha mestura de ambos.

■ **Asexuais:** Persoas que non senten ningún tipo de atracción amorosa por outras persoas.

♦ **Orgullo LGTBIQA+:** Día para reivindicar os dereitos do colectivo e ten lugar o 28 de xuño

Un día para celebrar a diversidade e a igualdade, denunciar as violencias contra o colectivo e continuar na defensa dos dereitos para todxs.

♦ **Linguaxe inclusiva:** Para que todos os xéneros sexan visibles utilizamos linguaxe inclusiva. Por iso verás que falamos de todas/todos/todxs.



Actividades

- ◆ Diversigualdade en rede: un orgullo de museo
- ◆ Un mosaico diversx: os traballos de Hércules
- ◆ Museum Outing. Museos que saen do armario





Diversigualdade en rede: un orgullo de museo

Con esta actividade queremos afondar en conceptos sobre a tolerancia e o respecto á diversidade, buscando o compromiso e loitando contra prexuizos e fobias.

1


Visitamos a exposición virtual
***Diversigualdade en Rede*, no xardín do Pazo de Tor**
<https://my.matterport.com/show/?m=w4LGS96pqr&brand=0>



2

Conversa con persoas do colectivo LGTBIQA+

**Nesta conversa anota as palabras e ideas
que che parezan máis importantes.**



3

Traballo en grupo

**Das túas anotacións
que che parece máis
importante para compartir
co resto da aula? Por que
é importante para ti?**

**Collede unha cartulina,
recortes de imaxes e
palabras para poder
expoñela a modo de cartel.**

**Con todos os vosos
traballos realizaremos
unha exposición.**

a

NUBE DE IDEAS

Respecto

Convivencia

Diversidade familiar/
corporal/de relacións

Igualdade

En contra do acoso e das violencias

Que é o Orgullo LGTBIQA+?

Que é ser Trans*

Colectivo LGTBIQA+

Bandeira LGTBIQA+

Referentes LGTBIQA+

Arte LGTBIQA+

Libros, series e películas LGTBIQA+

Uso da linguaxe inclusiva

**Estas dúas
actividades poderán
servos de axuda:**



b

Sopa de Letras

Deberedes atopar as seguintes palabras:
Amor, Amizade, Paz, Iguais, Convivir, Respecto

C	O	N	V	I	V	I	R	Q	X	W
D	C	T	O	M	G	R	A	M	O	R
W	C	A	M	I	Z	A	D	E	Q	F
Y	I	G	U	A	I	S	H	G	A	Y
C	O	N	Z	V	J	O	O	G	U	L
G	J	M	M	C	P	A	Z	P	L	Z
A	J	R	W	E	S	G	C	R	S	D
S	O	G	B	S	U	Y	A	P	Q	N
C	O	E	D	C	W	T	X	Q	O	H
E	O	B	G	N	P	K	N	I	Q	R
G	R	E	S	P	E	C	T	O	L	D



Un mosaico diverso: os traballos de Hércules



Mosaico dos traballos de Hércules
Liria (Valencia) Século III n. e.
Museo Arqueolóxico Nacional





Mosaico dos traballos de Hércules
Liria (Valencia) Século III n. e.
Museo Arqueolóxico Nacional

Fíxate nesta imaxe. Que ves?

No centro está Hércules coa raiña Ónfale. Hércules está de pé vestido de muller e fiando a lá. Ónfale está sentada e leva a maza de Hércules. Ao redor hai imaxes dos 12 traballos de Hércules.

Que un home se vista con roupas femininas e se ocupe dos labores que daquela eran só de mulleres, como maquillarse, cociñar, coser ou limpar, non estaba nada ben visto porque non se toleraba aquilo que se saía do estereotipo. Por riba, as tarefas das mulleres tiñan unha condición de secundarias ou inferiores ás dos homes.

Por iso pensa se son iguais...

Un modisto e unha modista

Unha cociñeira e un cociñeiro

Un porteiro e unha porteira

Un bruxo e unha bruxa

Porén, houbo alguén a quen non lle importou o que pensaban a xente e saíulle moi ben. Chamábase John Deere e grazas ao que aprendeu no taller de costura puido facer os mellores arados para traballar a terra.




Montou así unha gran empresa e agora os seus tractores pódense ver en todas as partes do mundo.

Mosaico dos traballos

Presentámosche dous mosaicos á maneira daquel dos traballos de Hércules. No primeiro verás diferentes profesións e o segundo está composto de elementos que teñen relación coas ocupacións que viches previamente.

Podes indicar cales se corresponden entre si?

Mosaico dos obxectos



1. Agora, unha vez vistas todas as imaxes relaciona os traballos do primeiro mosaico cos obxectos do segundo. Coloca as respostas aquí como se mostra no exemplo:


1	2	3	4	5	6	7	8	9
<i>d</i>								

2. Explica brevemente a que corresponde o traballo e o por que precisa do elemento que aparece na imaxe:

Na imaxe número do primeiro mosaico vemos
(describe quen sae e que fan) e está relacionada con
(que obxecto é) do segundo mosaico.




Museum Outing: museos que saen do armario



Outing é un termo en inglés que significa que unha persa se manifesta abertamente como gay, lesbiana, trans, bisexual, intersexual, queer ou asexual. O que chamamos coloquialmente saír do armario. Sabemos que representa un paso enorme no noso proceso persoal porque tememos expoñernos demasiado a prexuizos e discriminacións. Porén, tamén leva consigo un gran poder transformador que nos libera e dá visibilidade ao colectivo.

Os museos tamén queremos saír do armario e incorporar relatos LGTBIQA+ nas nosas coleccións e para iso precisamos da túa axuda.

Realiza unha composición coa técnica da colaxe que saque á luz unha historia diversx. Despois de realizala colocarémola nos espazos do cotiá, de traballo ou de lecer porque a realidade LGTBIQA+ non é anecdótica ou estraña, senón que forma parte da nosa normalidade. **Pasos**



1. Comentade na aula o significado de LGTBIQA+ e dos seus dereitos.

2. Identificade as actitudes contrarias ao respecto por este colectivo.

3. Reunide o material. Podes utilizar:

Recortes de imaxes que atopes en revistas

Imaxes ou debuxos de pinturas ou esculturas das coleccións do museo.

Palabras, símbolos ou frases inspiradoras

4. Preparade un pequeno guión sobre a presentación:

a. Cal é título?

b. A quen representa? É unha persoa, unha parella, unha familia, un grupo?

c. De que vai a súa historia? Amor, respecto, traballo, dereitos?

5. Presentádela ao resto de grupos na aula.

**O noso exemplo poderá servirvos
de axuda, pero sodes libres
de crear ao voso xeito!**



O meu nome é Xes e son unha muller trans. Adoro o meu traballo no museo explicando as coleccións a quen se achegue, en especial se son colexios ou institutos. A miña parte preferida son as salas de Arte Moderna e Contemporánea, sobre todo as obras de Maruja Mallo. Eu agora síntome unha muller libre, guíome polo instinto, o respecto e amor a todas as persoas. Porén, houbo un tempo no que a dor impedíame sorrir. Unha dor afiada polos prexuizos da xente que non entende o que é ser diferente.


Pero o apoio da miña familia e amigxs fortalecéronme ata ser o que hoxe vedes: unha muller con orgullo cuxa identidade está construída a partir de mulleres referentes como Julia Minguillón ou M^a Paz Taboada.



Datos de contacto:

Rede Museística Provincial de Lugo
<https://comunidadermpl.es/>

Correo electrónico:
comunidadermpl@gmail.com



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

